

RÚBRICA PARA AVALIAR UNHA PRESENTACIÓN DE DIAPOSITIVAS

	Mellorable – 1	Acceptable – 2	Notable – 3	Excelente – 4
Número de diapositivas	A presentación ten menos de 5 diapositivas	A presentación ten entre 5 e 10 diapositivas	A presentación ten entre 11 e 15 diapositivas	A presentación ten máis de 15 diapositivas
Título e autores	Non aparece o título nin os autores	Inclúe só un dos aspectos (título ou autores)	Inclúe ambos aspectos: título e autores. O deseño é convencional.	Inclúe ambos aspectos: título e autores. O deseño está moi coidado e resulta atractivo.
Deseño das diapositivas	Moitas diapositivas non inclúen unha imaxe. O deseño é convencional ou mediocre.	Algunha diapositivas non inclúen unha imaxe. O deseño é convencional.	Todas as diapositivas inclúen unha imaxe. O deseño é convencional.	Todas as diapositivas inclúen unha imaxe. O deseño está moi coidado e resulta atractivo.
Textos nas diapositivas	Non hai textos, ou os textos incluídos son confusos. Abundan as faltas de ortografía.	Os textos son demasiado curtos (menos de 5 palabras) ou moi longos (máis de 25 palabras) e/ou algunhas frases non se entenden.	Os textos teñen a lonxitude adecuada (entre 5 e 25 palabras) pero algunhas frases non se entenden ou non me axudaron a entender o que se explicaba nesa diapositiva.	Os textos teñen a lonxitude adecuada (entre 5 e 25 palabras) e expoñen claramente as ideas.
Calidade dos contidos	Despois de ver a presentación, creo que os autores apenas coñecen o tema que expuxeron.	Despois de ver a presentación, creo que os autores coñecen algo do tema que expuxeron, pero aínda terían que profundizar nel.	Despois de ver a presentación, creo que os autores coñecen bastante ben o tema que expuxeron.	Despois de ver a presentación, creo que os autores coñecen moi ben o tema que expuxeron.
Orixinalidade	Os contidos non amosan orixinalidade nin traballo a partir da información recopilada.	Os contidos amosan pouca orixinalidade e escaso traballo a partir da información recopilada.	Os contidos amosan certa orixinalidade e bastante traballo a partir da información recopilada.	Os contidos amosan moita orixinalidade e moito traballo a partir da información recopilada.